Galicia Encantada



Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Arrapa, raposo!

Quen teña un mínimo coñecemento da nosa cultura popular debera saber que non é necesario organizar batidas nin, moito menos, matar raposos para afastalos dos galiñeiros.

Atendan e tomen nota. Cando vexan o raposo, digan alto e claro:

Arrapa, raposo

i avanta no toxo!

E deixa a galiña

da miña veciña

que ten dous pitiños

que quedan orfinos!

Arrapa i arrapa

que a dona te atrapa

e bótache os cans

correndo detrás!

BIBLIOGRAFÍA

Rodríguez González, E. (1958):Diccionario enciclopédico gallego-castellano, 3 tomos, Editorial Galaxia, Vigo. «Arrapa, Arrapa!»